



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

ANUNCIO

Comunícase que por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23/05/2023 aprobáronse as bases xerais e específicas que han de rexer os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público extraordinario do ano 2022. Segundo o mencionado decreto publícase o texto íntegro das bases na sede electrónica municipal.

I. BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS EXTRAORDINARIOS DE ESTABILIZACION DE EMPREGO PUBLICO TEMPORAL NO CONCELLO DE LAXE PREVISTOS NA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES DE REDUCCION DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PUBLICO.

PRIMEIRA. - Obxecto

As presentes bases regulan os procesos selectivos que se convoquen para o acceso as distintas categorías de persoal laboral do Concello de Laxe, en aplicación da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración prevista nas disposicións adicionais sexta e octava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, previstas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 para a estabilización de emprego temporal no Concello de Laxe, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 577/2022, do 6 de outubro de 2022, e publicadas no BOP Núm. 196 da Provincia de A Coruña de data de 17/10/2022. .

SEGUNDA. - Normativa de aplicación

O proceso selectivo suxeitarase, en todo o non expresamente previsto nas presentes Bases, ao regulado nas seguintes normas xurídicas:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-.

Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

TERCEIRA. - Requisitos de deben reunir os/as aspirantes

Para ser admitidos/as e participar nas convocatorias dos procesos selectivos de estabilización regulados nas presentes Bases, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos básicos e xerais sinalados a continuación, sen prexuízo de outros concretos que, de ser o caso, se poidan contemplar nas respectivas convocatorias e bases específicas, e que deberán acreditar na data en que conclúa o prazo de presentación de instancias, e manter no momento da formalización da



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

contratación e incorporación como persoal laboral fixo:

a) Posuír a nacionalidade española ou dalgúns dos Estados membros da Unión Europea, de conformidade co disposto no artigo 57 da Real Decreto Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-.

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que poidan serlle encomendadas conforme ao previsto regulamentariamente.

e) Posuír as titulacións que para cada praza se requiran nas respectivas convocatorias e bases específicas, ou estar en condicións de obtelas antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, a teor do establecido na disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberase ter concedido a correspondente credencial de homologación segundo a normativa vixente ao respecto.

f) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Estar en posesión do CELGA, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente que, para cada praza, se requira nas correspondentes convocatorias e bases específicas; ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos da Orde de 16 de xullo de 2007 e da Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o anterior, deberán realizar unha proba de conformidade coa base oitava.

h) Cumprir cos requisitos legais aplicables en cada momento para o acceso a profesións, oficios e/ou actividades que impliquen contacto habitual con menores. Así, e de conformidade co artigo 57.1 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, será requisito para o acceso a profesións, oficios e/ou actividades que impliquen contacto habitual con menores e o seu exercicio, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual e de trata de seres humanos. Aos ditos efectos, para prazas comprendidas nas anteditas profesións, oficios e/ou actividades, os/as aspirantes deberán acreditar non ter sido condenado por ningún dos delitos anteditos mediante



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delincuentes sexuais.

i) Aqueloutros requisitos/condicións concretos de participación que, de ser o caso, e por razón das características/natureza das prazas e/ou da normativa específica ou sectorial aplicable, se poidan fixar nas respectivas convocatorias e bases específicas, adecuándoas, no que proceda, ao previsto nas presentes bases xerais.

CUARTA. - Igualdade de condicións

De acordo co establecido no artigo 59 da Real Decreto Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, nas presentes probas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

Os/As aspirantes con discapacidade deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia ou da Administración do Estado, que acrediten tal condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

QUINTA. - Instancias e admisión dos/as aspirantes

5.1.- As instancias solicitando tomar parte no presente proceso selectivo, deberán estar debidamente cumprimentadas, no modelo oficial anexo a estas bases. Para unha maior difusión, este modelo oficial estará colgado na web municipal e na sede electrónica do Concello de Laxe. Os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos nas Base Terceira, referidas ao día en que conclúa o prazo de presentación de instancias, dirixiranse á Alcaldía deste Concello de Laxe, e presentaranse na sede electrónica do Concello de Laxe, no Rexistro Xeral do mesmo ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, dentro do prazo de 20 días naturais, contados a partir do seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Xunto coas solicitudes de participación (segundo o modelo do anexo) deberase achegar, en todo caso, e sen prexuízo daqueloutra indicada, no seu caso, nas respectivas bases específicas de cada convocatoria, a documentación sinalada a continuación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade do/a aspirante.
- b) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condición de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do título requirido para participar segundo as bases específicas.
- c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel de coñecemento da lingua galega (CELGA ou equivalente) requirido para participar segundo as bases específicas.
- d) Relación dos méritos alegados para a súa valoración no concurso (segundo proceda), xunto coa copia da documentación acreditativa e/ou xustificativa destes, segundo o previsto nas presentes bases. A dita relación achegarase seguindo a orde de méritos fixada na base sétima. Os servizos



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

prestados na Administración convocante que se aleguen como mérito de “experiencia profesional” polo/a aspirante acreditaranse mediante certificado de servizos prestados emitido pola dita administración. Os servizos prestados noutras administracións públicas que se aleguen como mérito de “experiencia profesional” acreditaranse mediante certificado de servizos prestados emitido polas ditas administracións.

e) Aqueloutra xustificación/acreditación documental sobre o cumprimento dos restantes requisitos/condicións de participación que, de ser o caso se estableceran nas respectivas convocatorias e bases específicas e que se deberán achegar en todo caso, consonte o previsto ao efecto nas mesmas

5.2.- O proceso selectivo convocado ao amparo das presentes bases non estará suxeito ao pagamento de taxa algunha por dereitos de exame e formación do expediente.

5.3.- Terminado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín oficial da provincia da Coruña, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo de corrección de defectos e presentación de reclamacións que se concede aos/ás aspirantes excluídos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.

Se se formulasen reclamacións, serán resoltas no mesmo acto administrativo que aprobe a lista definitiva, que se fará pública, así mesmo, na forma indicada para a lista provisional. De non presentarse reclamacións a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva, facéndose constar tal circunstancia no anuncio indicado no parágrafo anterior.

5.4.- Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os/as interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación da listaxe definitiva, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación da listaxe definitiva, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno.

SEXTA.- Participación das persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade que opten a unha das prazas convocadas ao abeiro das presentes bases xerais, poderán concorrer ás mesmas en igualdade de condicións que o resto dos/as aspirantes, facilitándose, no seu caso, as adaptacións necesarias para o desenvolvemento dos procesos selectivos; aplicándose, a tal efecto, o establecido na Orde PRE/1822/2006 (BOE do 13.06.2006) ou aqueloutra normativa concordante. Para os ditos efectos, os Tribunais poderán requirir informe e/ou colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria competente.

SETIMA. - Comisión de selección

7.1.- A composición da comisión de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 da Real Decreto Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, e 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Galicia. Constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, tendendo á paridade entre homes e mulleres. Terá a consideración de órgano colexiado e, como tal, estará suxeito ás normas contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

7.2.- Na mesma resolución na que se aprobe definitivamente a lista de aspirantes admitidos e excluídos, fixarase a composición da comisión de selección a efectos de poder promover, no caso de que proceda, a recusación dos seus membros. A resolución anunciarase no taboleiro de anuncios deste concello e na súa sede electrónica. A composición do tribunal cualificador incluirá tamén a dos respectivos suplentes, que serán designados conxuntamente cos titulares. A resolución anunciarase no taboleiro de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

7.3.- A comisión de selección poderá nomear colaboradores, especialistas e axudantes, que estarán sempre baixo a súa dirección e control directos, para aquelas probas que o requiran, limitándose ao exercicio das súas especialidades técnicas en base ás cales colaborarán coa comisión de selección con voz, pero sen voto. Os asesores e especialistas estarán sometidos ás mesmas causas de abstención e recusación que os membros da comisión de selección.

7.4.- A comisión de selección estará composta pola presidencia, a secretaría e tres vogalías, actuando todas elas con voz e voto. Todos os seus membros deberán ser funcionarios/as de carreira e estar en posesión dunha titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes e pertencer ao mesmo grupo de titulación ou superiores; con todo, en ningún caso estará constituído maioritariamente por membros en activo do mesmo corpo ou a mesma escala para os que deba efectuarse a selección.

Non poderán formar parte da comisión de selección quen impartise cursos ou traballos para a preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

A Presidencia poderá requirir aos membros da comisión de selección unha declaración expresa de non atoparse sometidos a ningunha das causas de abstención legalmente previstas. Igualmente, quen incorrese en causa de abstención deberán comunicalo á Alcaldía no prazo máximo de 10 días.

7.5.- A comisión de selección non poderá constituírse sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros titulares ou suplentes indistintamente.

OITAVA. - Sistema de selección.

O sistema de selección para as prazas que se identifican no Anexo I será o de CONCURSO de valoración de méritos, consonte ao previsto pola normativa de referencia, ao abeiro do disposto nas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. O dito concurso realizarase, en todo caso, consonte aos criterios básicos fixados na dita Disposición Adicional 6ª e os tamén contemplados de forma complementaria e concordante nas presentes bases e nas bases específicas. Co fin de acreditar a puntuación no concurso de valoración de méritos, achegaranse coas solicitudes para participar nos procesos selectivos das prazas obxecto desde proceso de estabilización do emprego temporal no Concello de Laxe os seguintes documentos:

- Certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas.
- Informe de vida laboral.
- Os títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como as titulacións



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- académicas e capacitacións profesionais.
- No seu caso, o título de CELGA correspondente.

O concurso consistirá na valoración dos méritos indicados nas presentes bases, xunto co sistema de criterios e baremos aplicables e que sexan adecuadamente presentados e acreditados polos/as aspirantes, segundo estas bases e, no seu caso, e de forma complementaria, segundo as bases específicas, e polos que os/as aspirantes poderán acadar, como máximo, e por todos eles, a puntuación máxima de cen (100) puntos.

En todo caso, os méritos valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso. Ningún dos requisitos fixados para a participación nas convocatorias dos diferentes procesos selectivos de estabilización regulados nas presentes bases poderán ser considerados e valorados, tamén, como mérito do concurso.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non foran achegados, nin debidamente acreditados, na forma, prazo, e con arranxo aos criterios básicos sinalados nas presentes bases xerais e/ou de ser o caso, aqueloutros criterios complementarios e prazos concretos sinalados nas correspondentes bases específicas.

Os méritos que se acheguen ou acrediten fora dos prazos concretos sinalados ao efecto nas respectivas convocatorias e bases específicas, serán considerados como achega de documentación fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración, sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal/Comisión de valoración, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra previamente achegada en forma e prazo.

Méritos a valorar:

Méritos profesionais: Ata un máximo de 90 PUNTOS

Valoraranse os seguintes méritos profesionais:

- Valorarase a razón de 0,94 puntos por mes completo de servizos prestados con carácter temporal no posto obxecto da convocatoria ou posto de idéntica natureza, funcional ou laboral, segundo se trate, ao servizo da entidade local convocante.
- Valorarase a razón de 0,3 puntos por mes completo de servizos prestados con carácter temporal no posto obxecto da convocatoria ou posto de idéntica natureza, funcional ou laboral, segundo se trate, ao servizo de entidades locais distintas da convocante.
- Valorarase a razón de 0,06 puntos por mes completo de servizos prestados con carácter temporal no posto obxecto da convocatoria ou posto de idéntica natureza, funcional ou laboral, segundo se trate, ao servizo de calquera outra Administración Pública.

A experiencia no posto de traballo obxecto de estabilización acreditarase por medio da presentación de certificado administrativo de Servizos prestados expedido polo órgano competente da administración pública na que se prestasen, xunto cun informe de Vida Laboral actualizado.

Outros méritos: Ata un máximo de 10 PUNTOS

- Formación:** recibida e impartida ata o fin do prazo de presentación de instancias, e que fose convocada, xestionada ou homologada por calquera Administración Pública, pola Escola Galega de Administración Pública, por centros de formación de persoal empregado público ou por organizacións sindicais ou outros promotores dentro do marco dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas, vixentes no momento da súa realización e que garden relación coa praza que se convoca.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A valoración de cada curso realizarase de acordo coa seguinte puntuación: 0,10 puntos por hora

Horas requiridas para acadar a puntuación máxima: 100 horas (0,10 puntos hora).

Os méritos alegados neste apartado deberán acreditarse mediante as copias dos títulos da formación recibida.

B) **Titulación** superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

C) **Coñecemento da lingua galega**

En aplicación do disposto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acreditaran estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega (CELGA ou equivalente) requirido nas bases específicas, ou en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación, deberán realizar unha proba alternativa e específica de coñecemento de lingua galega. Terá unha cualificación de apto ou non apto. Para superar a proba, o/a candidato/a deberá obter a cualificación de apto.

Consistirá nunha conversa en lingua galega na que a persoa aspirante deberá deixar constancia de que se pode comunicar en galego.

A proba de coñecemento de lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza. No caso de que a proba de coñecemento sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección, e a seguinte coa puntuación máis alta obtida no concurso de méritos será a proposta para a obtención da praza, se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento da lingua galega correspondente deberá someterse á referida proba de galego cos mesmos efectos expostos anteriormente.

Baremadados os méritos, a comisión de selección expoñerá ao público a lista dos/as aspirantes coa puntuación obtida nesta fase, así como a de aprobados/as por orde de puntuación total, concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para que formulen as reclamacións e alegacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

NOVENA. - Cualificación definitiva e relación de aprobados.

A comisión de selección elevará á Alcaldía xunto coa acta da última sesión, a lista de aspirantes que superasen o proceso selectivo, coa puntuación total obtida, para a cobertura en propiedade das prazas convocadas e a adquisición da condición de persoal laboral fixo.

No suposto de empate entre dous ou máis aspirantes, este desfarase conforme á seguinte orde:

1º. En primeiro lugar, terá prioridade o/a aspirante con maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional no posto obxecto da convocatoria ou posto de idéntica natureza, clase e categoría, funcional ou laboral, segundo se trate, ao servizo da entidade local convocante.

2º. En segundo lugar, terase en conta a maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional noutras categorías/prazas do Concello de Laxe.

3º. De persistir o empate, terase en conta o tempo de servizos efectivamente prestados noutras prazas/categorías do Concello de Laxe, sen o límite de puntuación establecido no apartado a) de experiencia profesional.

4º. De persistir o empate, terase en conta a maior puntuación obtida no apartado cursos de formación.

5º. De persistir o empate, o/a aspirante de maior idade.

DECIMA. - Presentación de documentos e contratación



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

10.1.- No prazo de vinte días naturais a contar da publicación da relación de aprobados/as nos taboleiros de anuncios deste concello, os/as aspirantes aprobados/as deberán presentar os seguintes documentos:

- a) Copia auténtica do DNI.
- b) Copia auténtica da titulación esixida na Base Terceira.
- c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado/a, mediante expediente disciplinario de ningunha das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial, para o acceso aos postos obxecto de cada convocatoria.
- d) Informe médico, de non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o exercicio das correspondentes funcións,

10.2.- Se dentro do prazo fixado e salvo casos de forza maior, non presentase a documentación, ou do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na Base Terceira, non poderá ser contratado/a, dando lugar á invalidez das súas actuacións e á subseguinte nulidade dos actos da comisión de selección con respecto a este/a, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude.

10.3.- Transcorrido o prazo de presentación de documentos, a Alcaldía efectuará a correspondente contratación como persoal laboral fixo, unha vez que que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso. As persoas que resulten contratadas poderán escoller entre os postos de traballo obxecto da convocatoria por orde do resultado que obtivesen nas probas e, no seu caso, no curso ou período de prácticas.

DÉCIMO PRIMEIRA. - Incidencias

A comisión de selección queda facultada para resolver as dúbidas que xurdan durante o proceso selectivo e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO SEGUNDA.- Ceses e indemnizacións.

Unha vez resolto o proceso selectivo, coa efectiva formalización do contrato laboral e incorporación do persoal laboral das persoas aspirantes finalmente seleccionadas para a cobertura das prazas convocadas, deberase proceder ao cese do persoal laboral temporal que as viñera desempeñando e que non se atope entre os ditos seleccionados por non ter superado o proceso selectivo ou non terse presentado ao mesmo. O cese deste persoal temporal implicará a finalización da súa relación laboral/contractual co Concello. O persoal laboral temporal que fose cesado nos termos anteditos terá dereito á compensación económica fixada ao efecto no artigo 2.6 da Lei 20/2021, sempre que tivera participado no proceso selectivo de estabilización do que derive o dito cese. A extinción de relacións laborais/contractuais deberase realizar consonte ao procedemento da normativa laboral aplicable ao efecto e, en todo caso, respectando o período de preaviso.

DÉCIMO TERCEIRA. - Vinculación das bases

As presentes bases vinculan ao Concello, á comisión de selección e a quen participe no proceso selectivo. Tanto as bases, como cantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación da comisión de selección poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos, prazos e forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DECIMO CUARTA.- Normas finais.

De acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei 3/2018. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade. Aos efectos do cumprimento da restante normativa aplicable na materia, toda actuación derivada dos procesos selectivos regulados nestas bases que impliquen publicidade/exposición pública de identificacións nominais serán obxecto das adecuacións pertinentes.

DECIMO QUINTA.- Réxime de recursos.

Contra estas bases, que poñen fin á vía administrativa, os/as interesados/as, poderán interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación destas bases, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno.

O Alcalde, José Luis Pérez Añón.-

ANEXO I

Relación de prazas obxecto da convocatoria PERSOAL LABORAL FIXO:

Denominación	Categoría	Número de prazas	Xornada	Sistema de acceso estabilización
Profesor/a de música (xornada parcial do 50%)	Profesor/a	1	50%	concurso
Operario/a de servizos municipais	Peón/Peoa	2	Completa	concurso
Responsable OMIX e Oficina de turismo	Encargado/a	1	Completa	concurso
Guía turístico e medioambiental	Guía Turístico	1	Completa	concurso
Auxiliar administrativo/a	Auxiliar Administrativo/a	1	Completa	concurso
Auxiliar de axuda no fogar	Auxiliar	3	Completa	concurso
Orientador/a laboral	Técnico/a	1	Completa	concurso

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Animador/a cultural	Animador/a Cultural	1	Completa	concurso
---------------------	---------------------	---	----------	----------

**ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA / SOLICITUDE****PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 DO CONCELLO DE LAXE.****Praza:****DATOS PERSOAIS:**

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo	Data de Nacemento
Lugar de Nacemento	Nacionalidade	

DATOS DE CONTACTO:

Enderezo		
Código Postal	Localidade	Concello
Provincia	Teléfono	Teléfono 2º
E-Mail		

EXENCIÓN EXAME DE LINGUA GALEGA

Solicito exención do exame de acreditación do coñecemento da lingua Galega:
Si <input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Non

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal de longa duración do Concello de Laxe, publicada no BOP Núm.196 da Provincia de A Coruña de data de 17/10/2022.

DECLARO:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- 1.- Reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria, e así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos das mesmas.
- 2.- Que acepto o uso dos meus datos na tramitación deste expediente.

SOLICITO

A miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sinálese cun X no recadro correspondente):

- Fotocopia de DNI
- Fotocopia da titulación esixida
- Relación dos méritos alegados para a súa valoración no concurso (segundo proceda), xunto coa copia da documentación acreditativa e/ou xustificativa destes, segundo o previsto nas bases xerais.
- Título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega.

Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslles de que o responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Laxe, con dirección en Av. Cesáreo Pondal, 26 - 15117 Laxe (A Coruña), para poder exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación, Oposición, Portabilidade, Supresión e Limitación do tratamento, e calquera outro recollido pola normativa de aplicación.

Laxe (A Coruña) a ____ de _____ de 20 ____.

Asinado.: _____



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

II. BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 1 PRAZA DE PROFESOR/A DE MÚSICA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, AO ABEIRO DAS PREVISIONS LEGAIS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL.

PRIMEIRA. - Obxecto da convocatoria e características da praza

1.1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a cobertura en propiedade, polo procedemento diferenciado extraordinario de estabilización de emprego temporal, mediante o sistema de concurso, dunha praza de profesor/a de música, persoal laboral fixo, do Concello de Laxe, pertencente á Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada mediante Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, do 6 de outubro de 2022 (BOP de A Coruña nº 196 de 17 de outubro de 2022). Esta praza atópase incluída nos procedementos diferenciados extraordinarios de estabilización de emprego temporal aprobados ao amparo do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

1.2. Características.

A praza convocada corresponde a unha praza de persoal laboral fixo de profesor/a de música (xornada parcial do 50%).

Denominación	Titulación esixida
Profesor/a de música	Diplomatura en maxisterio na especialidade de educación musical ou grao universitario en educación primaria na especialidade de educación musical ou equivalente.

SEGUNDA. - Bases reguladoras específicas da convocatoria.

No referido a desenvolvemento desta convocatoria e proceso selectivo estarase ás normas e criterios específicos indicados a continuación e, en todo o non previsto, ás restantes normas e criterios básicos e comúns fixados nas Bases Xerais.

2.1. Requisitos específicos de participación

Para ser admitidos/as e participar na convocatoria e proceso selectivo as persoas aspirantes deberán cumprir/reunir, á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación (e manter, asemade, no momento da formalización, contratación e incorporación como persoal laboral fixo), os requisitos de carácter básico e común da base terceira das Bases Xerais, así como os requisitos específicos sinalados a continuación:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, do título de Diplomatura en maxisterio na especialidade de educación musical ou Grao universitario en educación primaria na especialidade de educación musical ou equivalente. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, aplicaranse os criterios de homologación e recoñecemento sinalados ao afecto na base terceira, apartado g) das Bases Xerais.

b) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, do CELGA 4 ou da acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente. En todo caso, e con arranxo ao artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

persoas que non acrediten estar en posesión do dito nivel de coñecemento da lingua galega, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba alternativa e específica de coñecemento de lingua galega segundo a base octava das Bases Xerais.

Os/as aspirantes que non acrediten posuír o dito nivel de coñecemento de galego ou que, alternativamente, non teñan realizado e superado coa cualificación de apto/a a referida proba específica de galego, serán eliminados do proceso selectivo.

c) Cumprir cos requisitos legais aplicables en cada momento para o acceso a profesións, oficios e/ou actividades que impliquen contacto habitual con menores. Así, e de conformidade co artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso a profesións, oficios e/ou actividades que impliquen contacto habitual con menores e o seu exercicio, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual. Aos ditos efectos, para prazas comprendidas nas anteditas profesións, oficios e/ou actividades, os/as aspirantes deberán acreditar non ter sido condenado por ningún dos delitos anteditos mediante certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais.

2.2. Solicitudes de participación

As persoas interesadas en seren admitidas e participar nesta convocatoria e proceso selectivo deberán facer constar mediante instancia/solicitud dirixida á Alcaldía, segundo o formulario do Anexo I destas bases, que se deberá presentar na forma indicada na base quinta das Bases Xerais, dentro do prazo de presentación de vinte (20) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no BOE. A falta de presentación en tempo e forma suporá a inadmisión da persoa aspirante no proceso selectivo.

Xunto coas solicitudes de participación (segundo o modelo do anexo) deberase achegar, en todo caso, consonte a forma e criterios sinalados ao efecto na base quinta das Bases Xerais, a documentación sinalada a continuación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade do/a aspirante.

b) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condición de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do título de Diplomado/a en maxisterio na especialidade de educación musical ou Grao universitario en educación primaria na especialidade de educación musical ou equivalente.

c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel de coñecemento da lingua galega (CELGA 4 ou equivalente).

d) Relación dos méritos alegados para a súa valoración no concurso (segundo proceda), xunto coa copia da documentación acreditativa e/ou xustificativa destes, segundo o previsto nas Bases Xerais.

e) Certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais.

2.3. Admisión de aspirantes, tribunal e inicio do proceso selectivo



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, segundo a forma, contido e prazo establecido na base quinta das Bases Xerais. Finalizado o prazo de emenda a Alcaldía ditará unha resolución aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, segundo a forma, contido e prazo establecido na base quinta das Bases Xerais. A comisión de selección axustarase ao establecido na base sétima das Bases Xerais.

2.4. Desenvolvemento do proceso selectivo

O proceso selectivo obxecto da convocatoria desenvolverase polo sistema excepcional de concurso previsto nas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que se realizará consonte á ditas disposicións e ás Bases Xerais.

Os méritos a valorar, a documentación que permitirá telos por acreditados e a forma e prazos para o desenvolvemento do proceso selectivo, suxeitarase as bases octava e concordantes das Bases Xerais.

2.5. Finalización do proceso selectivo

Para superar o proceso selectivo e resultar finalmente seleccionado/a para a cobertura en propiedade das prazas convocadas e a adquisición da condición de persoal laboral fixo as persoas aspirantes deberán ter acreditado reunir os requisitos de carácter básico e común da base terceira, apartado 1, das Bases Xerais, así como os requisitos específicos sinalados no apartado 2.1, da base segunda, das presentes bases.

Para a efectiva formalización da contratación e incorporación como persoal laboral fixo, así como a adxudicación de destinos iniciais, e no seu caso os ceses e indemnizacións exixibles, seguirase a tramitación prevista nas bases décima e decimosegunda das Bases Xerais.

TERCEIRA.- Outras previsións e normas.

Segundo o xa indicado, no referido ás restantes normas e criterios aplicables ao desenvolvemento desta convocatoria e proceso selectivo estarase ao previsto, ao efecto, nas Bases Xerais.

A resolución aprobatoria destas bases específicas e cantos actos administrativos se deriven delas, así como das actuacións da comisión de selección, poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-. E na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA / SOLICITUDE

PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 DO CONCELLO DE LAXE.

Praza:

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DATOS PERSOAIS:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo	Data de Nacemento
Lugar de Nacemento	Nacionalidade	

DATOS DE CONTACTO:

Enderezo		
Código Postal	Localidade	Concello
